

REMBRANDT

Kat Mansoor, 2014

552

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 1 e 2 de xuño | V.O.S.E. | TP

Rembrandt (2014, 97')

Dirección: Kat Mansoor

Guión: Kat Mansoor

Montaxe: Adam Lavis, Clive Mattock

Música: Nikky French

Fotografía: Robin Fox, Kate Reid

Produtora: Seventh Art Productions (Reino Unido)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Here's Johnny, 2008

Time Piece, 2007 [curtametraxe]

SINOPSE

Todas as exposicións de Rembrandt son esperadas con impaciencia, pero o novo espectáculo que presenta a National Gallery de Londres e o Rijksmuseum de Ámsterdam é un evento único e sen igual. Cun acceso exclusivo e privilexiado a ambas galerías, o filme documenta esta exposición histórica ao tempo que entrelaza o relato da vida de Rembrandt cos preparativos detrás de escena nestas institucións de sona mundial. A exposición céntrase nos aspectos máis destacados dos últimos anos da vida de Rembrandt, que comunmente se considera a súa mellor época.



**TEMPADA
DE ARTE**

—
**AS GRANDES
FIGURAS
DA ARTE
NO CINEMA**

7

Unha fértil loucura

Por Andrew Pulver

A celebración do 350 aniversario da morte de Rembrandt (Leiden, 1606 - Amsterdam, 1669) é unha razón tan boa coma calquera outra para regresar a 2014, ano no que o director Kat Mansoor gravou o seu documental sobre a histórica exposición dos últimos traballos do pintor holandés, que se puido gozar de maneira consecutiva no National Gallery de Londres e o Rijksmuseum de Amsterdam. O filme, asumindo todas as convencións que conleva levar a pintura á pantalla grande, ofrece un sólido marco de aprendizaxe como alternativa á experiencia real.

Tendo en conta o estatus acadado por Rembrandt e a sucesión de acontecementos que están a ter lugar sobre a súa figura neste 2019, coa citada efeméride, é obvio que o filme non pode abranguer toda a vida e a obra do pintor holandés. A pintura de Rembrandt é tan variada e o seu acabado tan exemplar que toda tentativa de facer unha retrospectiva vese obrigada a ir saltando dun tema a outro. Parte dos acertos do filme residen na análise dos pormenores da súa complexa vida amorosa, na que ten gran peso a súa muller Saskia (falecida en 1642) e as súas amantes Geertje Dirckx e Hendrickje Stoffels. Estas relacións, sempre problemáticas, foron segundo os narradores do filme clave para que os seus últimos anos rematara na pobreza máis absoluta.

Pero o filme non se reduce á denuncia das míseras condicións de vida do último Rembrandt. Para o seu director estas circunstancias permitíronlle ao grande artista holandés acadar unha certa liberdade fronte as fortes restricións sociais da época. Ao non poder satisfacer as súas débedas os seus cadros deixan de buscar o visto e pracer dos mecenas, aproximándose a unha fértil loucura nas súas derradeiras pinturas: melancolía, autoinvestigación, brillantes lenzos históricos, estudos de retratos íntimos... Se cadra a empresa era ambiciosa por demais pero o filme de Mansoor constitúe unha impresionante tentativa.

Un xenio atemporal

Todos coñecemos o xenio creativo de Rembrandt pero até a celebración da famosa exposición dos seus últimos traballos, moitos detalles relevantes ficaban agochados. Adoito asociado aos seus cadros máis célebres, como *La ronda de noite*, e os seus numerosos retratos, seguramente non sexa considerado como un pintor especialmente revolucionario. Para correxilo a National Gallery e o Rijksmuseum decidiron comisariar unha exhaustiva exposición dos traballos, debuxos e gravados dos seus últimos dez anos de vida.

Porén, o filme non se limita a se pasear polos cadros da exposición. En troques, ofrece unha suxestiva visita aos emprazamentos históricos da Holanda que viviu o artista, acompañada de pasaxes biográficas e unha explicación das técnicas de pintura e impresión que fan destes anos un período clave da historia da pintura.

Movéndose entre a análise artística e biográfica, a obra amosa os efectos do empeoramento das condicións de vida de Rembrandt na súa pintura, cun exame detallado de *Mujer bañándose en un arroyo* (1654), *Lucrecia* (1664) ou *La novia judía* (1666) entre outras obras maestras e unha interesante demostración práctica por parte de Delores de Sade, coa explicación verbal de Erik Hinterding, das anovadoras técnicas dos seus gravados.

A idea global é que Rembrandt foi un xenio atemporal que se esforzou até os seus últimos folgos por dar o mellor como artista. Se non puides asistir á exposición, o filme é unha estupenda consolación. Se tiveses a sorte de gozar dela, a película afondará en multitude de detalles nos que probablemente non reparaches no seu momento.

Publicado en eclecticlight.co
Traducións: Xan Gómez Viñas

TEMPADA DE ARTE

AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80')

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70')

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85')

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85')

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90')

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90')

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97')



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

Se ti xa es de NUMAX e queres compartir, fai unha foto co teu abono e compártina. #eusondenumax

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org